

XAME TIPO TEST TRABALLADOR/A SOCIAL

DNI/CIF: _____

INSTRUCCIÓN

Encha o seguinte cuestionario seguindo as seguintes instrucións:

- Deberá marcar cun círculo a letra coa resposta correcta. En caso de equivocación deberá tachar cunha X e volver a rodear cun círculo a resposta correcta.
- O cuestionario está composto por 40 preguntas con 3 respostas alternativas, sendo só una delas correcta.
- Non computaran negativamente as respostas erróneas
- Deberá de contestar as preguntas de reserva para o caso de que fosen anuladas algunhas das 40 preguntas deste cuestionario.
- O exame deberá asinarse en todas as follas

1. O conxunto ordenado de documentos e actuacións que serven de antecedentes e fundamento á resolución administrativa, así como as dilixencias encamiñadas á execución, denomínase:
 - a. Procedemento administrativo
 - b. Expediente administrativo
 - c. Acto administrativo
2. Cales son os valores superiores do ordenamento xurídico español que se recollen na constitución española?
 - a. A xustiza, a liberdade, o pluralismo político e o traballo
 - b. A liberdade, a igualdade, a xustiza e o pluralismo político
 - c. A liberdades, a igualdade e a propiedade
3. A titularidade da soberanía nacional radica:
 - a. Nas cortes xerais como representantes do pobo español
 - b. O pobo español
 - c. Ambas son correctas
4. As administración públicas serven con obxectividade os intereses xerais e actúan de acordo cos principios de:
 - a. Eficacia, xerarquía, descentralizacións, desconcentración e coordinación
 - b. Eficacia, xerarquía, descentralización e coordinación
 - c. Eficacia, xerarquía, descentralización, concentración e coordinación
5. Cales son os elementos do municipio;
 - a. Elementos económicos e xurídicos
 - b. O territorio e a poboación
 - c. O territorio, a poboación e a organización
6. A periodicidade das sesións ordinarias do pleno nun concello de menos de 5000 habitantes, segundo a lexislación de réxime local será:
 - a. Unha sesión cada tres meses
 - b. Unha sesión cada dous meses
 - c. Ambas son incorrectas

7. Segundo o artigo 10.1 da Constitución Española cal non é fundamento do orden político a paz social:
 - a. A dignidade da persoa
 - b. O libre desenrolo da personalidade
 - c. A participación de tódolos cidadáns na vida política

8. A potestade normativa das entidades locais manifestase a través de:
 - a. Acordos
 - b. Leis
 - c. Ordenanzas e regulamentos

9. En que título da Constitución Española se deseña o estado autonómico?
 - a. No Título VIII
 - b. No título Preliminar
 - c. No título IV

10. Quen debe ser o profesional de referencia segundo a Le 13/2008, de 03 de Decembro, de servizos sociais de Galicia?
 - a. Traballador/a social dos servizos sociais comunitarios
 - b. Traballador/a social dun servizo especializado
 - c. Non é esixible un profesional de referencia.

11. O segredo profesional en calquera caso no que se realice una intervención social:
 - a. É o dereito da persoa que gardemos confidencialidade sobre a información que nos proporciona na relación de axuda
 - b. Aínda que sexa necesario para a resolución do caso, nunca debemos compartir información que nos proporciona dentro da relación de axuda
 - c. Os traballadores sociais están exentos de gardar segredo profesional cando o usuario é una persoa con discapacidade intelectual

12. En que supostos do artigo 54 do código deontolóxico profesional establece a exención da confidencialidade e do segredo profesional?
 - a. Cando fose relevado do segredo profesional, por escrito pola persoa usuaria ou o seu representante legal ou os seus herdeiros
 - b. Cando se realice a intervención social en equipo respecto da información necesaria, independentemente de si son traballadores sociais ou non. Se non o son, advertirase da obrigación de secreto profesional ou de gardar silencio
 - c. Ambas son correctas

13. O código deontolóxico de traballo social marca os seguintes principios básicos:
 - a. Dignidade, igualdade e liberdade
 - b. Aceptación, respecto e dignidade
 - c. Actitude exenta de xuízo e respecto

14. Para poder solicitar a Renda de Inclusión Social de Galicia (RISGA) as persoas deberán cumprir, entre outros requisitos, contemplados no artigo 12 da Lei 10/2013 de Inclusión Social:

- a. Dispoñer na unidade familiar de convivencia de ingresos inferiores ó tramo persoal e familiar que lle correspondería e, ademais, non dispoñer de bens patrimoniais dos que se deduza a existencia de medios suficientes de subsistencia, de acordo cos criterios de cómputo establecidos no artigo 17 desta lei
 - b. Ter máis de 20 anos
 - c. Ambas son correctas
15. Para a tramitación da Axuda de Inclusión Social (AIS) en concepto de débeda de aluguer contraída, é un dos requisitos:
- a. Estar empadroado ou ter residencia efectiva de 1 mes de antigüidade constatada polos servizos sociais comunitarios básicos en calquera dos concellos da Comunidade Autónoma de Galicia
 - b. Estar empadroado ou ter residencia efectiva de 6 mes de antigüidade constatada polos servizos sociais comunitarios básicos en calquera dos concellos da Comunidade Autónoma de Galicia
 - c. Estar empadroado ou ter residencia efectiva constatada polos servizos sociais comunitarios básicos en calquera dos concellos da Comunidade Autónoma de Galicia
16. O dereito da percepción do tramo persoal e familiar da Renda de Inclusión de Galicia (RISGA) será:
- a. Anual e prorrogable se subsisten as circunstancias que xustificaron a súa concesión
 - b. Semestral
 - c. As respostas a e b non son correctas
17. No caso dun menor de tres anos que lle sexa concedido grao de dependencia, cada canto tempo se realizaría unha revisión do mesmo?
- a. Realízase cada 6, 12, 24 e 30 meses ata os tres anos
 - b. Realízase cada 6, 18 e 30 meses, ata os 36 meses
 - c. Realízase cada 12 e 24 meses ata os tres anos
18. O catálogo de prestacións económicas da Lei 39/2006 de Dependencia non establece:
- a. Prestacións económicas vinculadas ó contorno familiar e o grado de discapacidade
 - b. Prestacións económicas de asistencia persoal
 - c. Prestación económica para coidados no contorno familiar e apoio a coidadores non profesionais
19. A lei 39/2006 de Dependencia establece una serie de requisitos xerais para ter acceso ós servizos e prestacións do SAAD. Sinala a resposta correcta:
- a. Ter recoñecido calquera dos 3 graos de dependencia que contempla a lei
 - b. Residir en España durante 5 anos, 2 dos cales sexan previos ó comezo da solicitude
 - c. Ambas son correctas
20. A Lei 39/2006 de Dependencia non prevé no seu catálogo de servizos:
- a. Centro de noite
 - b. Centros de atención non especializada
 - c. Centros de atención a persoas en situación de dependencia segundo tipos de discapacidade

21. O catálogo de servizos sociais está integrado por un conxunto de intervencións, programas , servizos e prestacións, que poderán ser:
- Básicas ou integradoras
 - Esenciais ou normalizadoras
 - Íntegras ou colectivas
22. Que é a planificación en traballo social:
- Determinar os núcleos de intervención
 - Unha técnica que tende a obter un resultado determinado mediante unha acción deliberada
 - Unha técnica para valorar a situación problema da persoa usuaria
23. A que se refire: "A unidade mínima do proceso de planificación, representando accións concretas para a consecución dos obxectivos":
- Informe
 - Plan
 - Proxecto
24. Das seguintes características cal non se corresponde ó plan:
- É a forma de ordenamento superior, con perspectiva de totalidade
 - Os plans fórmulanse, de forma xeral, a curto prazo
 - Os seus obxectivos son xerais
25. Que obxectivos persegue a avaliación no proceso metodolóxico do traballo social:
- Validez, obxectividade, fiabilidade e oportunidade
 - Idoneidade, efectividade e eficacia
 - Fiabilidade e oportunidade
26. O método básico no traballo social está formado polas seguintes etapas:
- Planificación, execución e avaliación
 - Diagnóstico, planificación, execución e avaliación
 - Análise, planificación, intervención e medidas correctoras
27. Son función dos servizos sociais comunitarios:
- Fomento da participación activa da cidadanía
 - Estudo e diagnóstico social da comunidade
 - Ambas son correctas
28. Os programas e actividades para previr a exclusión de grupos vulnerables de características homoxéneas e facilitar a súa inserción e normalización social, son desenvoltos por:
- Os servizos sociais comunitarios específicos
 - Os servizos sociais comunitarios básicos
 - Os servizos sociais especializados
29. Os servizos sociais comunitarios, de carácter predominantemente local:
- Están referenciados a un territorio e poboación determinada
 - Son o primeiro nivel de intervención do sistema galego de servizos sociais
 - Ambas son correctas

30. Entre os criterios de valoración da situación de exclusión social segundo a Lei 10/2013 non está:
- Pertencer a una minoría étnica
 - Ter máis de 65 anos
 - Ter unha discapacidade valorada superior ó 33%
31. As axudas de inclusión social:
- Son prestacións económicas periódicas destinadas a sufragar gastos extraordinarios e urxentes
 - Son prestacións económicas non periódicas
 - Son prestacións económicas ordinarias
32. A percepción da renda de inclusión social (RISGA) de Galicia, de acordo coa Lei 10/2013, de inclusión social de Galicia:
- É un dereito subxectivo
 - É un dereito obxectivo
 - É un dereito equitativo
33. As persoas beneficiarias da renda de inclusión social terán as seguintes obrigas:
- Comunicar no prazo de cinco días o acceso a un emprego
 - Destinar o importe da prestación económica ós fins para os que se concede e, en calquera caso, ó cumprimento das obrigas legais cos membros da unidade perceptora.
 - Ambas son correctas
34. Algúns dos obxectivos do Servizo de Axuda no Fogar son:
- Previr situación de dependencia e exclusión social, a institucionalización das persoas dependentes e reforzar a solidariedade e o voluntariado social
 - Mellorar a calidade de vida, favorecer e potenciar a autonomía persoal así como reforzar a solidariedade e o voluntariado social
 - A regularización xeral do servizo por entidades públicas
35. Quedará exenta da obriga de participar no custo do servizo de axuda no fogar na modalidade de dependencia:
- No caso de que a capacidade da persoa usuaria sexa igual ou superior ó IPREM
 - No caso de que a capacidade económica da persoa usuaria sexa igual ou inferior ó IPREM
 - Ambas son incorrectas
36. É un dereito das persoas usuarias do servizo de axuda no fogar:
- A ser tratadas co respecto debido a súa dignidade
 - A presentar queixas e posibles modificacións de auxiliar asignada
 - Facilitar e colaborar no seguimento e avaliación do servizo
37. Cal é o período máximo anual que se unha persoa usuaria pode ter suspendido o servizo de axuda no fogar de Dependencia:
- 3 meses
 - 4 meses

- c. 2 meses
38. Cales das seguintes son atención de carácter complementario do Servizo de Axuda no Fogar:
- a. Prestación de atención a distancia mediante dispositivos de teleseguimetro, teleasistencia e similares
 - b. Servizo de podoloxía
 - c. Ambas son correctas
39. Os informes de seguimento periódicos dos servizos de axuda no fogar segundo a orde do 22 de xaneiro de 2009, , terán un carácter:
- a. Informes de seguimento periódico bimensuais
 - b. Informes de seguimento bimensuais ou extraordinarios cando as circunstancias o aconsellen
 - c. Informes de seguimento a criterio do traballador/a social coordinador/a do programa de axuda no fogar
40. As persoas para as que o Programa Individual de atención determine o Servizo de Axuda no Fogar como recurso principal e idóneo, terán en todo caso preferencia sobre aquelas a quen se lle asine o servizo de axuda no fogar como respiro do coidador?
- a. Debese valorar cal é o/a usuario/a que peores condicións de saúde presenta
 - b. Non
 - c. Si

Preguntas de reserva:

1. O sistema galego de servizos sociais estrutúrase en:
 - a. Forma de rede
 - b. En disposición vertical
 - c. En disposición horizontal
2. A estrutura do sistema de servizos sociais comprenden dúas modalidades:
 - a. Básicos e específicos
 - b. Básicos e especializados
 - c. Básicos e complexos
3. Son fases do procedemento administrativo
 - a. Iniciación
 - b. Instrución
 - c. Ambas son correctas

CADRO DE RESPOSTAS

1	B
2	B
3	B
4	A
5	C
6	B
7	C
8	C
9	A
10	A
11	A
12	C
13	A
14	A
15	C
16	A
17	A
18	A
19	C
20	B
21	B
22	B
23	C
24	B
25	B
26	B
27	C
28	A
29	C
30	B
31	B
32	A
33	C
34	B
35	B
36	A
37	C
38	C
39	B
40	C

R1	A
R2	A
R3	C